

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

3996 *Real decreto 195/2010, do 26 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da seguridade privada, para o adaptar ás modificacións introducidas na Lei 23/1992, do 30 de xullo, da seguridade privada, pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, pola que se traspón ao noso ordenamento xurídico a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2006/123/CE, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior (en diante, a Directiva de Servizos), estableceu os principios e disposicións xerais necesarios para facilitar a liberdade de establecemento dos prestadores e a libre prestación dos servizos que se realizan con contrapartida económica en España.

A propia lei, no seu artigo 2.2.k), exclúe do seu ámbito de aplicación, entre outros, os servizos de seguridade privada, aínda que, de acordo co establecido no «Manual sobre transposición da Directiva de Servizos», publicado pola Comisión Europea en 2007, non todas as actividades reguladas na Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, están excluídas da Directiva de Servizos, polo que requiren dunha adecuación para a súa adaptación. Tal é o caso das actividades de instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade que reúnan determinados requisitos, ás cales, ao non se tratar de servizos de seguridade propiamente ditos, se lles debe aplicar un réxime distinto do previsto para as demais actividades propias da seguridade privada recollidas na Lei 23/1992, do 30 de xullo, como son a vixilancia e protección de persoas ou bens, a custodia de efectivo ou o transporte de obxectos valiosos, entre outras.

Como indica na súa exposición de motivos a Lei 17/2009, do 23 de novembro, para alcanzar o obxectivo de reformar significativamente o marco regulatorio non abonda co establecemento dos principios xerais que deben rexer a regulación actual e futura das actividades de servizos, senón que é necesario proceder a un exercicio de avaliación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio para adecuala aos principios que a dita lei establece.

Neste marco inscríbese a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, cuxo principal obxecto consiste en adaptar o contido de numerosas leis estatais ordinarias á Lei 17/2009, do 23 de novembro.

Entre as leis que se modifican atópase a Lei 23/1992, do 30 de xullo, na cal se introduce unha modificación moi puntual, co obxecto de aclarar a situación das actividades de instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade. Concretamente, engadiuse unha disposición adicional sexta, segundo a cal os prestadores de servizos ou as filiais das empresas de seguridade privada que vendan, entreguen, instalen ou manteñan equipamentos técnicos de seguridade, sempre que non inclúan a prestación de servizos de conexión con centrais de alarmas, quedan excluídos da lexislación de seguridade privada, coa condición de que non se dediquen a ningún dos outros fins definidos no artigo 5, e sen prexuízo doutras lexislacións específicas que puideren resultar de aplicación.

Modificada xa a Lei 23/1992, do 30 de xullo, procede agora adaptar a súa normativa de desenvolvemento, concretamente o Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro. Así, co obxecto de facilitar e simplificar a necesaria reforma, optouse por introducir unha disposición adicional quinta no Real decreto

2364/1994, do 9 de decembro, que reproduce o contido da disposición adicional sexta da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de modo que os prestadores de servizos ou as filiais das empresas de seguridade privada que vendan, entreguen, instalen ou manteñan equipamentos técnicos de seguridade quedan excluídos da lexislación de seguridade privada, sempre que non inclúan a prestación de servizos de conexión con centrais de alarmas e sempre que non se dediquen a outros fins definidos no artigo 5 da Lei 23/1992, do 30 de xullo.

Así mesmo, e con obxecto de que as empresas de seguridade privada poidan compatibilizar as actividades recollidas no citado artigo da lei coa actividade de instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade non conectados a centrais de alarmas, prevese que as ditas empresas só estarán suxeitas á normativa de seguridade privada no que se refire á prestación dos servizos e actividades citados no mencionado artigo da Lei 23/1992, do 30 de xullo, quedando esta última actividade sometida ás normativas específicas que lle sexan de aplicación.

Finalmente, introducíronse as reformas necesarias en determinados artigos do Regulamento de seguridade privada relacionados coa actividade de instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade, con obxecto de adaptar a súa redacción á nova situación creada tras a modificación introducida na Lei 23/1992, do 30 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de conformidade co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade privada.*

Engádese unha disposición adicional quinta ao Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Exclusión das empresas relacionadas con equipamentos técnicos de seguridade.*

1. De conformidade co disposto na disposición adicional sexta da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, introducida pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, os prestadores de servizos ou as filiais das empresas de seguridade privada que vendan, entreguen, instalen ou manteñan equipamentos técnicos de seguridade, sempre que non inclúan a prestación de servizos de conexión con centrais de alarmas, quedan excluídos da lexislación de seguridade privada, coa condición de que non se dediquen a ningún dos outros fins definidos no artigo 5 da Lei 23/1992, do 30 de xullo, e sen prexuízo doutras lexislacións específicas que puideren resultar de aplicación.

2. As empresas de seguridade privada que, ademais de se dedicaren a unha ou a varias das actividades recollidas no artigo 5 da Lei 23/1992, do 30 de xullo, se dediquen á instalación de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade que non inclúan a conexión a centrais de alarma, só estarán sometidas á lexislación de seguridade privada no que se refire á prestación das actividades e servizos regulados no citado artigo, quedando a actividade de instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade non conectados a centrais de alarma sometida ás regulamentacións técnicas que lle sexan de aplicación, e en particular á normativa aplicable en materia de homologación de produtos.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro.*

Un. A alínea e) do punto 1 do artigo 1 queda redactada do seguinte modo:

«e) Instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade conectados a centrais de alarma.»

Dous. O punto 1 do artigo 39 queda redactado do seguinte modo:

«1. Unicamente as empresas autorizadas poderán realizar as operacións de instalación e mantemento de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade electrónica contra roubo e intrusión e contra incendios que se conecten a centrais receptoras de alarmas.

Para os efectos da súa instalación e mantemento, terán a mesma consideración que as centrais de alarmas os denominados centros de control ou de videovixilancia, entendendo por tales os lugares onde se centralizan os sistemas de seguridade e vixilancia dun edificio ou establecemento e que obrigatoriamente deban estar controlados por persoal de seguridade privada.»

Tres. O artigo 42 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 42. *Certificado de instalación e conexión a central de alarmas.*

1. As instalacións de sistemas de seguridade deberanse axustar ao disposto na normativa reguladora das instalacións eléctricas no que lles sexa de aplicación.

2. Nos supostos de instalación de medidas de seguridade obrigatorias en empresas ou entidades privadas que carezan de departamento de seguridade, ou cando tales empresas ou entidades se vaian conectar a centrais de alarmas, a instalación deberá ser precedida da elaboración e entrega ao usuario dun proxecto de instalación, con niveis de cobertura adecuados ás características arquitectónicas do recinto e do risco que cómpre cubrir, de acordo cos criterios técnicos da propia empresa instaladora e, eventualmente, os da dependencia policial competente, todo isto con obxecto de alcanzar o máximo grao posible de eficacia do sistema, de fiabilidade na verificación das alarmas, de colaboración do usuario, e de evitación de falsas alarmas.

3. Unha vez realizada a instalación, as empresas instaladoras efectuarán as comprobacións necesarias para asegurarse de que se cumpre a súa finalidade preventiva e protectora, e de que é conforme co proxecto contratado e coas disposicións reguladoras da materia, debendo entregar á entidade ou establecemento usuarios un certificado en que conste o resultado positivo das comprobacións efectuadas.

4. As instalacións de seguridade deberán reunir as características que se determinen por orde do Ministro do Interior, e o certificado a que se refire o punto anterior deberá ser emitido por ambas as empresas, conxunta ou separadamente, de forma que se garanta a súa funcionalidade global.»

Catro. Os puntos 1 e 2 do artigo 43 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Os contratos de instalación de aparellos, dispositivos e sistemas de seguridade, nos supostos en que a instalación sexa obrigatoria ou cando se conecten cunha central de alarmas, comprenderán o mantemento da instalación en estado operativo, con revisións preventivas cada trimestre, e non deberá, en ningún caso, transcorrer máis de catro meses entre dúas revisións sucesivas. No momento de subscribir o contrato de instalación ou noutro posterior, a entidade titular da instalación poderá, con todo, asumir por si mesma ou contratar o servizo de mantemento e a realización de revisións trimestrais con outra empresa de seguridade.

2. Cando as instalacións permitan a comprobación do estado e do funcionamento de cada un dos elementos do sistema desde a central de alarmas, as revisións preventivas terán unha periodicidade anual, e non poderá transcorrer máis de catorce meses entre dúas sucesivas.»

Cinco. O punto 3 do artigo 45 queda redactado do seguinte modo:

«3. No caso de que un sistema de seguridade instalado sufra algunha variación posterior que modifique substancialmente o orixinario, en todo ou en parte, a empresa instaladora ou, de ser o caso, a de mantemento, estará obrigada a confeccionar novos manuais de instalación, uso e mantemento. Así mesmo, a empresa instaladora deberá comunicalo tamén á central de alarmas e certificar, na forma que se establece no artigo 42, o resultado das comprobacións.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA